Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 08 de xaneiro de 2021 (947/1102)**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª Mª Carmen Silva Rego |
| D. Francisco Javier Pardo Espiñeira | Dª Mª José Caride Estévez |
| Dª Elena Espinosa Mangana | D. Jaime Aneiros Pereira |
| D. Abel Losada Álvarez | D. Carlos López Font |
| Dª Yolanda Aguiar Castro | |
| Dª Patricia Rodríguez Calviño | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día oito de xaneiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, a viceinterventora, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(13).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(14).-PROPOSTA DE APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS, DESIGNACIÓN MEMBROS ÓRGANO SELECCIÓN E DETERMINACIÓN LUGAR E DATA CELEBRACIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE BOMBEIRO/A (QUENDA LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA. OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTES ANOS 2017, 2018 E 2019 (1ª FASE). EXPTE. 36846/220.**
Visto o informe de fiscalización do 05/01/2021, dáse conta do informe-proposta do 05/01/2021, asinado pola técnico de Admon. Xeral da Área de RR HH e Formación (Instrución 03/12/2020) e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobación da OEP 2017 -expte 29567/220- (publicacións oficiais no BOP de data 29/12/2017 e rectificacións no BOP 26/04/2018 e 14/08/2019 e DOGA 21/06/2018 e 12/09/2019).

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 23/11/2018, aprobou a OEP municipal para o ano 2018 –expte 31180/220- (publicacións oficiais no BOP do 26/11/2018 e no DOG 25/01/2019).

A OEP correspondente ao ano 2019 foi aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30/08/2019 –expte 33237/220– (publicacións oficiais BOP 11/09/2019 e DOGA 25/09/2019).

**II.-** Considerando a urxencia existente na incorporación de efectivos procedentes da execución das OEP 2017, 2018 e 2019, pendentes de execución; por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 12/03/2020, foron aprobadas as Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas OEP dos anos 2017, 2018, e 2019 (1ª Fase da Convocatoria: Sarxento extinción de incendios, Bombeiro, Condutor Bombeiro, Inspector policía local, Policía local)-Expte: 34733/220- (BOP nº 128 de 07/07/2020, DOG nº 160 de 11/08/2020, BOE nº 247 de 16/09/2020).

**III.-** Por Resolución de 28/08/2020 (BOE nº 247, do mércores 16/09/2020) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión de entre outras, as prazas de:

- Bombeiro quenda libre (doce prazas, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais e clase de Servizo de Extinción de Incendios, mediante o sistema de concurso-oposición libre)
- Bombeiro promoción interna (tres prazas, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais e clase de Servizo de Extinción de Incendios, mediante o sistema de concurso-oposición entre funcionarios de carreira integrados na escala da Administración especial, subgrupo E de titulación, que conten cunha antigüidade de cando menos dous anos no corpo e escala da administración especial dende a que promocionan).

**IV.-** Rematado o prazo de presentación de instancias -20 días naturais- , en data 06/10/2020 pola Concellería-delegada da Área de Empresa, Economía Seguridade e Organización municipal, ditouse Instrución para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección.
**V.-** Figura informe de verificación técnica de data 29/12/2020 no que consta que está acreditado o cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e especialidade dos vogais do órgano de selección propostos/as.

En consecuencia, procede elevar ao órgano competente proposta de aprobación dos referidos aspectos.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** O artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

*“Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.*
*O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*
*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén”.*
Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:
“*1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.*

*2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:*
*a) O persoal de elección ou de designación política.*
*b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.*
*c) O persoal eventual.*
*d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*
*3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.*
*4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.*
*5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.*
*6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.*
*7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos.”*

**II.-** O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

**III.-** Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da

Administración Local, xa contemplaba no seu artigo 127.1, apartado h) que a composición dos tribunais de oposicións será predominantemente técnica, debendo posuír todos os seus membros un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas.
En consecuencia, visto o recollido na Base 6ª e 8ª das Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 en canto á competencia da Xunta de Goberno Local, e considerando igualmente o disposto no artigo 127 citado anteriormente, proponse ao dito órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

**“Primeiro.-** Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado para a provisión das prazas de bombeiro/a pola quenda libre incluídas nas Ofertas de Emprego público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes presentados a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe de verificación que consta no expediente. Deberá comprobarse na páxina web municipal a admisión no proceso selectivo.

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| ALVAREZ CABRAL | ALBERTO | ***4736** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| ALVAREZ MUÑIZ | LUCAS | ***7443** | EXCLUÍDO/A (1) |
| ALVAREZ VAQUEIRO | ALBERTO | ***8669** | EXCLUÍDO/A (1)(3)(4) |
| ARIAS RODRIGUEZ | CAYETANO HUMBERTO | ***3019** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| BLANCO FUENTES | NEO | ***1105** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| BLANCO MACHO | DAVID | ***4320** | EXCLUÍDO/A (1)(3)(4) |
| CAMIÑA CALVAR | MARÍA TERESA | ***6403** | EXCLUÍDO/A (5) |
| CANCELAS SANTOS | YOEL | ***6333** | EXCLUÍDO/A (1)(3)(4) |
| CANOSA ESTALOTE | BRAIS | ***0005** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| COLAS SANCHEZ | PABLO | ***2030** | EXCLUÍDO/A (5) |
| COMESAÑA ABALDE | IVAN | ***2728** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| COSTA FERNANDEZ | JORGE | ***5691** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| DA SILVA GARCIA | ALBERTO | ***9543** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| DOMINGUES VASCONCELLOS | JOAO MANUEL | ***8025** | EXCLUÍDO/A (1) |
| ESCANEO MACIÑEIRAS | LUCAS | ***9813** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| FANJUL BELLOSO | MARUSELA | ***2677** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| FERNANDEZ BERNARDEZ | AARON | ***7158** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| FIGUEIRIDO PEIXOTO | RUBEN | ***8722** | EXCLUÍDO/A(3)(4) |
| GALVEZ MUÑOZ | ANTONIO MANUEL | ***2480** | EXCLUÍDO/A (5) |
| GONZÁLEZ CARRERA | SAMUEL | ***1896** | EXCLUÍDO/A (5) |
| GONZALEZ POSADA | JUAN DIEGO | ***7765** | EXCLUÍDO/A (1) |

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| LEIRO ALVAREZ | LUIS | ***9550** | EXCLUÍDO/A (1)(2) |
| LÓPEZ ALONSO | ALEJANDRO | ***7764** | EXCLUÍDO/A (1) |
| LÓPEZ VEIGA | JOSÉ MARIO | ***9403** | EXCLUÍDO/A (2) |
| MARTINEZ RODRIGUEZ | SERGIO | ***3497** | EXCLUÍDO/A (1) |
| MENDAÑA LOPEZ | JOSE PABLO | ***5984** | EXCLUÍDO/A (2) |
| MORCILLO BARRIENTOS | VICENTE | ***8290** | EXCLUÍDO/A (4) |
| PAZ SOBREIRA | DIEGO | ***8512** | EXCLUÍDO/A (5) |
| PEDREIRO CEBRAL | BRANDÁN | ***1810** | EXCLUÍDO/A (1) |
| PÉREZ DOPICO | VICENTE | ***1116** | EXCLUÍDO/A (2) |
| POMEDA GIMENEZ | ADRIAN | ***5937** | EXCLUÍDO/A (1) |
| REAL DOMINGUEZ | MARCOS | ***8065** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| REOLID MUÑOZ | VICTOR MANUEL | ***6241** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| RODRIGUEZ AREAL | ADRIAN | ***9399** | EXCLUÍDO/A (2)(3)(4) |
| RODRÍGUEZ DÍAZ | RAMÓN | ***1042** | EXCLUÍDO/A (2)(3)(4) |
| RODRIGUEZ MONTERO | ISMAEL | ***8285** | EXCLUÍDO/A (1)(2)(3)(4) |
| RUIBAL PEREIRAS | ALBERTO | ***6042** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |
| VILA PULIDO | ROI | ***7393** | EXCLUÍDO/A (3)(4) |

**CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS**

(1) Por non achegar copia simple do DNI, NIE ou pasaporte con plena vixencia ou autorizar a súa consulta.
(2) Por non manifestar estar en posesión da titulación requirida.
(3) Por non presentar algunha das declaracións xuradas indicadas nas bases específicas.
(4) Por non asinar a solicitude.
(5) Por non xustificar o pagamento da taxa correspondente.

**Segundo.-** Inadmitir ao seguinte aspirante por presentar a instancia fóra do prazo establecido:

| APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|
| CARBALLIDO SANCOSMED | RODRIGO | ***4571** |

**Terceiro.-** Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado para a provisión das prazas de bombeiro/a pola quenda de promoción interna incluídas nas Ofertas de Emprego público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes presentados a excepción

dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe de verificación que consta no expediente. Deberá comprobarse na páxina web municipal a admisión no proceso selectivo.

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| GONZÁLEZ DURÁN | ERNESTO | ***7071** | EXCLUÍDO (6) |

**CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS**

(1) Por non achegar copia simple do DNI, NIE ou pasaporte con plena vixencia ou autorizar a súa consulta.
(2) Por non manifestar estar en posesión da titulación requirida.
(3) Por non presentar algunha das declaracións xuradas indicadas nas bases específicas.
(4) Por non asinar a solicitude.
(5) Por non xustificar o pagamento da taxa correspondente.
(6) Por non reunir os requisitos establecidos nas bases (figurar integrado/a na escala da Administración especial, subgrupo E de titulación).

**Cuarto.-** De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións, os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de emenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros dos órganos de selección de **10 días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia; emenda que deberá realizarse inescusablemente mediante a presentación da documentación no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas demais formas que determina o artigo 16 da citada Lei, no modelo de solicitude que figura como anexo ao presente acordo, advertíndoselle que de non facelo serán declarados definitivamente excluídos.

Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Quinto.-** Dar conformidade á proposta para a designación dos membros integrantes do órgano de selección, efectuada pola Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, contida en Instrución de data 23/12/2020, acordando que o órgano de selección quedará integrado polos seguintes membros:

**Presidente.-**

Titular: Isabel Cabeza Pereiro, Técnica do Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo.

Suplente: Manuel Monroy Castro, Enxeñeiro Técnico da Área de Seguridade do Concello de Vigo.

**Secretario/a.-**

Titular: Secundino Otero Failde, Xefe do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

Suplente: María Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización da Intervención Xeral do Concello de Vigo.

**Vogais.-**

1º Vocal Titular: Jose Antonio Villar Comesaña, Sarxento de bombeiros Concello de Vigo.
Suplente: Hector Seoaje Bermúdez, Cabo de bombeiros do Concello de Vigo.
2º Vocal Titular: Rubén Alonso Barcia, bombeiro do Concello de Vigo.
Suplente: Joaquín Fuentes Domínguez, Cabo de bombeiros do Concello de Vigo.
3º Vocal Titular: Eduardo García Lodeiro, sarxento de bombeiros do Concello de A Coruña.
Suplente: Sergio Sanlés Domínguez, bombeiro do Concello de Vigo.

**Sexto.-** Dispoñer que a data e lugar de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo será a seguinte:

Día 6 de Febreiro de 2021, ás 17.00 horas, no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) desta cidade.

Para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019, habilítase expresamente á Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, para dispoñer tales cambios por resolución da mesma.

**Sétimo.-** Informar aos/ás aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos os/as aspirantes que non concorran. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade e máscara, así como de bolígrafo e dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas, significando que tal comparecencia efectuarase en chamamento único.

Os sucesivos anuncios publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, nos lugares onde se celebren as probas e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

**Octavo.-** Informar que en caso de que algún/ha participante pertenza ao grupo de poboación vulnerable fronte á COVID-19 e necesite dalgunha adaptación indicada polo seu profesional sanitario, o comunicará ao órgano convocante no prazo máximo de 10 días hábiles dende a publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, xustificando esta vulnerabilidade adecuadamente mediante certificado médico (exención ao uso de máscara, necesidade de utilizar máscara de protección tipo FFP2 ou FFP3)”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ANEXO**

**EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO**

| | |
|---|---|
| Apelidos e Nome: | DNI: |
| Domicilio: | Teléfono/s: |
| Domicilio a efectos de notificación: | |

**MANIFESTA:**

Que tendo sido excluído dos procesos selectivos convocados para a provisión da praza de pertencente as Ofertas Publicas de Emprego dos anos 2017, 2018 e 2019, polo motivo (marcar) SOLICITA a súa admisión.

**CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS**

(1) Por non achegar copia simple do DNI, NIE ou pasaporte con plena vixencia ou autorizar a súa consulta.
(2) Por non manifestar estar en posesión da titulación requirida.
(3) Por non presentar algunha das declaracións xuradas indicadas nas bases específicas.
(4) Por non asinar a solicitude.
(5) Por non xustificar o pagamento da taxa correspondente.
(6) Por non reunir os requisitos establecidos nas bases (figurar integrado/a na escala da Administración especial, subgrupo E de titulación).

Vigo, de de 2020

O/A INTERESADO/A
**(Apelidos e nome)**

**<u>ACORDO</u>:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(15).-NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS DESINFECTORES/AS PARA O SERVIZO DE DESINFECCIÓN. EXPTE. 36834/220.**

Visto o informe de fiscalización do 07/01/2021, dáse conta do informe-proposta do 05/01/2021, asinado pola técnico de Admon. Xeral da Área de RR HH e Formación (Instrución 03/12/2020) e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Con data de sinatura electrónica, o Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, presenta escrito solicitando a urxente tramitación do expediente de nomeamento de dous/dúas oficiais desinfectores/as, manifestando a urxencia para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas e tendo en conta a actual situación de rebrote na que se atopa a pandemia.

**II.-** En resposta a esta petición, a Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 22/12/2020 dispuxo ordenar o inicio de expediente administrativo pola Área de Recursos Humanos e Formación, procedendo a atender á solicitude de persoal formulada e incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna por un período de seis meses.

**III.-** Con data de sinatura electrónica, emítese informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente,* ***ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública*** *y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:
*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"***FD CUARTO.-***

*(….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas:* ***1º)*** *cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."* <u>A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017)</u>.

En similar senso, na **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (……...) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local,* ***lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del***

***ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.***"

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses (ata o 30/06/2021), dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza o posto, neste caso (posto cód. 240- Oficial desinfector/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na Instrución de servizo da Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, na que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do Servizo de desinfección, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

**IV. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que figura no expediente (trámite 16):

“**CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE**

**OFICIAL DESINFECTOR/A (2 POSTOS) Acumulación tarefas**

| **Custo Total Proposta ( 1 posto) //** | **Ano 2021** | **Periodo -** (01-01/2021 a 30-06-2021)- 2 POSTOS – 6 meses |
|---|---|---|
| **Retribucións totais (1 posto)** | 24.905,16 € | 24.905,16 € |
| **Seguridade Social (1 posto)** | 8.568,60 € | 8.568,60 € |
| **Total** | 33.473,76 € | 33.473,76 € |

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias e, considerando as cuestións indicadas no informe técnico sobre as modificacións orzamentarias precisas, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

**V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe técnico de verificación administrativa que obra no expediente

*“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficiais desinfectores/as, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*

- *Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais desinfectores a, J L Arean Mosquera con dni ***3154** e a O Carnero Campos con dni ***5784**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

**VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de recursos humanos e formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por

acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Oficias desinfectores/as** (cod. 240), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de  seis meses e, en consecuencia, autorizar o gasto total de **33.473,76 €** no exercicio 2021 (dos que **24.905,16€ corresponden a retribucións** e **8.568,60€ a seguridade social a cargo do empregador)**. Elo, con cargo as seguintes partidas orzamentarias: 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2021 (no que respecta a retribucións, por un importe de 24.905,16€) e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 (no que respecta aos custes da seguridade social, por un importe de 8.568,60€).

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Oficiais desinfectores/as** a *J L Arean Mosquera con dni ***3154** e a O Carnero Campos con dni ***5784***, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faránse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o prazo máximo dos seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 240-Oficiais desinfectores/as, sendo adscritos/as ao Servizo de desinfección sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados/as, o Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención xeral, Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(16).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE QUINCE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 36680/220.**

Visto o informe de fiscalización do 07/01/2021, dáse conta do informe-proposta do 07/01/2021, asinado pola técnico de Admon. Xeral da Área de RR HH e Formación (Instrución 03/12/2020) e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- Con data de sinatura electrónica, o Técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo de Educación e do Concelleiro de Educación, presenta escrito solicitando a urxente tramitación do expediente de nomeamento de vinte dous/vinte dúas oficiais de instalacións municipais, manifestando a urxencia pola necesidade de garantir a continuidade normalizada do curso lectivo escolar 2020-2021, nun momento actual de máxima preocupación pola aplicación do protocolo de adaptación ao contexto de pandemia sanitaria COVID-19 nos centros de ensino.

II.- En resposta a esta petición, a Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 04/01/2020 dispuxo ordenar o inicio de expediente administrativo pola Área de Recursos Humanos e Formación, procedendo a atender á solicitude de persoal formulada e incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna por un período de seis meses.

III.- Segundo o informe de verificación técnica que obra no expediente, unicamente figuran na lista de reserva da categoría oficiais de instalacións municipais un total de quince aspirantes en condicións de ser nomeados/as. Polo tanto, non constando na lista de reserva máis efectivos dispoñibles e dada a urxencia do expediente, procédese á tramitación do nomeamento interino dun total de quince oficiais de instalacións municipais.

IV.- Con data de sinatura electrónica, emítese informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:
*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"*FD CUARTO.-*

*(….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto*

*Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, na STJG de 15 de febreiro de 2017 afírmase que:

*"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses (ata o 10/07/2021), dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza o posto, neste caso (posto cód. 300- Oficial de instalacións municipais), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que

desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo de Educación e do Concelleiro de Educación, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na Instrución de servizo da Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, na que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do Servizo de Educación, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que figura no expediente (trámite 193):

“CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE 6 MESES (11/XANEIRO/2021 A 10/XULLO/2021)

OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (15 postos)

| Custo Total Proposta ( 1 posto) (11/01/2021 – 10/07/2021) | | Anual 2021// | Periodo –22 postos- |
|---|---|---|---|
| Retribucións totais (1 posto) | | 24.905,19 € | 186.788,93 € |
| Seguridade Social (1 posto) | | 9.355,20 € | 70.164,00 € |
| Total | | 34.260,39 € | 256.952,93 € |

Infórmase que o presente expte 36680/220 de nomeamento interino por acumulación de tarefas de quince oficiais instalacións municipais, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, por un prazo de 6 meses, para o Servizo de Educación, código 332, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, é de imputación ao vindeiro exercicio económico 2021, na súa totalidade.”

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias e, considerando as cuestións indicadas no informe técnico sobre o estado de execución da aplicación 920.0.140.0000 e as modificacións orzamentarias precisas, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe técnico de verificación administrativa que obra no expediente

*“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*

- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais de instalacións municipais a oficiais instalacións, a M Sousa Vázquez con dni ***5491**, a O Ballesteros Vázquez con dni ***58383**, a L Barrio Martínez con dni ***4408**, a Mercedes Costas Costas con dni ***6273**, a Y López Costas con dni ***9456**, a R Lorenzo Rodríguez co dni ***8505**, a J F Pastoriza Rozas con dni ***2157**, a J Coido Rico con dni ***5671**, a J C Gago Corral con dni ***5471**, a I Comesaña Fernández con dni ***8548**, a D Balseiro Rodríguez con dni ***2974**, a M S Cernadas Orge con dni ***9166**, a I Miguez Laranxeira con dni ***7728**, a R Pérez Costas con dni ***6881** e a E Reche Melchor con dni ***0579**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o

disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de recursos humanos e formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de quince funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficias de instalacións municpais (cod. 300), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses e, en consecuencia, autorizar o gasto total de 256.952,93 € no exercicio 2021 (dos que 186.788,93 € corresponden a retribucións e 70.164,00 € a seguridade social a cargo do empregador). Elo, con cargo as seguintes partidas orzamentarias: 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2021 (no que respecta a retribucións, por un importe de 186.788,93 €) e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 (no que respecta aos custes da seguridade social, por un importe de 70.164,00 €).

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Oficiais de instalacións municipais a M Sousa Vázquez con dni ***5491**, a O Ballesteros Vázquez con dni ***58383**, a L Barrio Martínez con dni ***4408**, a Mercedes Costas Costas con dni ***6273**, a Y López Costas con dni ***9456**, a R Lorenzo Rodríguez co dni ***8505**, a J F Pastoriza Rozas con dni ***2157**, a J Coido Rico con dni ***5671**, a J C Gago Corral con dni ***5471**, a I Comesaña Fernández con dni ***8548**, a D Balseiro Rodríguez con dni ***2974**, a M S Cernadas Orge con dni ***9166**, a I Miguez Laranxeira con dni ***7728**, a R Pérez Costas con dni ***6881** e a E Reche Melchor con dni ***0579**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faránse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o prazo máximo dos seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 300-Oficiais de instalacións municipais, sendo

adscritos/as ao Servizo de Educación sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados/as, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención xeral, a Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez